

AS SOFT SKILLS DUN BO PROFESIONAL DE LABORATORIO

Ficha de actividade – IPE I · Laboratorio Clínico e Biomédico

--	--	--

1. Que son as soft skills?

As soft skills ou competencias persoais e sociais son capacidades que nos axudan a relacionarnos cos demais, afrontar situacións profesionais e traballar de maneira eficaz. Nun laboratorio clínico e biomédico son especialmente importantes:

Comunicación · Traballo en equipo · Atención e concentración · Responsabilidade · Organización · Rigor · Adaptación · Resolución de problemas · Xestión das emocións

2. O reto: “Como actuaría un bo profesional?”

Formade grupos de 3 ou 4 persoas. Teredes que: ler atentamente a situación; identificar as soft skills necesarias; preparar unha representación de 2-3 minutos; representar primeiro unha resposta incorrecta ou pouco profesional e despois a resposta adecuada.

SITUACIÓN 1 · “Unha mostra mal identificada”

Recibes unha mostra cunha etiqueta que non coincide coa documentación. Tes moitas mostras pendentes e poderías pensar en procesala igualmente para non atrasar o traballo.

Soft skills: Rigor · Responsabilidade · Atención ao detalle · Comunicación · Toma de decisións

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

SITUACIÓN 2 · “Temos moito traballo”

Hai numerosas mostras pendentes de procesar e unha compañeira pideche axuda. Ti tamén tes tarefas urxentes.

Soft skills: Traballo en equipo · Organización · Comunicación · Priorización · Adaptación

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

SITUACIÓN 3 · “Un resultado inesperado”

Obtés un resultado que che parece pouco habitual. Un compañeiro di que seguramente é correcto e que non paga a pena revisalo.

Soft skills: Pensamento crítico · Rigor · Responsabilidade · Comunicación asertiva · Resolución de problemas

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

SITUACIÓN 4 · “Creo que cometemos un erro”

Observas que un compañeiro puido cometer un erro durante un procedemento e non se decatou.

Soft skills: Comunicación asertiva · Responsabilidade · Traballo en equipo · Empatía · Resolución de problemas

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

SITUACIÓN 5 · “Hoxe non é o meu día”

Chegas ao laboratorio preocupado/a por un problema persoal. Estás cansado/a, pero necesitas manter a concentración e cumprir os procedementos de traballo.

Soft skills: Autocontrol · Responsabilidade · Xestión emocional · Organización · Profesionalidade

Como NON deberíamos actuar?

Como debería actuar un/ha profesional?

3. Reflexionamos

1. Cal cres que é a soft skill máis importante para un/ha profesional de laboratorio? Por que?

2. Cal destas competencias cres que tes máis desenvolvida?

3. Cal necesitas mellorar?

4. Que poderías facer para melloralala?
